

Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para a utilización de vehículos fóra de uso nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de Transporte e Mantemento de Vehículos

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prorrogar a vixencia do convenio durante catro anos máis.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que en data sete de xuño de dous mil vinte e un asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actualmente Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, respectivamente, de acordo co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e a Asociación Gallega de Tratamiento de Vehículos (TRAVEGA) para facilitar unha solución aos centros de formación profesional da Xunta de Galicia para a utilización de vehículos fóra de uso



nas prácticas do alumnado de formación profesional da familia de Transporte e Mantemento de Vehículos.

2. Que a cláusula sétima do referido convenio relativa á vixencia do mesmo establece que: O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

3. Que as partes están de acordo en que, unha vez expirado o prazo é necesario ampliar a vixencia do convenio mediante a sinatura da correspondente addenda.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

